

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA NOVE DE FEBREIRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
Escusa asistencia D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
  
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos do día nove de febreiro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**


Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e seis de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

**2º.- Instancias de obras de particulares**

2.1.- Instancia num. 1.868/09 de don Alberto Blanco Enjamio e dona Mercedes Taibo Rivera

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicitan licenza para a rehabilitación da súa vivenda, situada en Viño grande, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 50% da parcela neta; num. Plantas B+1+A. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente máximo de 0,40 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Julio Vázquez Suárez cun orzamento de 106.710,00.

Dáse conta asimesmo da autorización de excepcionalidade no cumprimento das normas do hábitat galego (NHG 07) emitida pola Consellería de Vivenda.



O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

Antes do comezo das obras deberá presentar no concello o oficio de dirección de obra do aparelador e o compromiso de conexión a servizos

A Xunta de Goberno, à vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002 deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; a fosa séptica instalarse gardando as distancias marcadas polo planeamento para aliñacións e os correspondentes retranqueos; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde . Asimesmo deberán colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil cento trinta e catro euros (#2.134,00#)

## 2.2.- Instancia num. 117/10 de don Manuel Tato Balboa

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 40 m2 en planta , consistente no cambio de tellado colocando uralita e tella e encintado de paredes, situada en Cubelas, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica; en cumprimento do artigo 3 do Real Decerto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e oito euros con oitenta céntimos (#88,80#)

## 3º.- Acordo, se procede, sobre licenza de actividade para instalación de almacenamento e subministro de gasóleo a vehículos con depósito enterrado en Paradela

Examinado o expediente promovido por dona M<sup>a</sup> Josefa López Sanín, segundo a súa solicitude núm. 1862 de data 27 de outubro de 2009, para licenza de acti-



vidade para *instalación de almacenamento e subministro de gasóleo a vehículos con depósito enterrado de 10.000l.* no lugar de Paradela da parroquia de San Xián de Sales, sometida ao disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental (DOG núm. 126, do 1 de xullo).

Tendo en conta que con data 27 de outubro de 2009 se emitiu informe polos Servizos Técnicos Municipais en relación co asunto; que o expediente estivo exposto ao público por un período de vinte días, téndose publicado o edicto de exposición no DOG número 233 de data 27 de novembro de 2009 e no BOP núm. 248 de data 20 de novembro de 2009, e téndose practicado notificación persoal aos veciños inmediatos ao lugar previsto de emprazamento da actividade; que por Secretaría se certificou sobre as alegacións presentadas, constando unha a nome de Emilio Midón Souto e outros veciños presentada con data 29 de xaneiro de 2010; e visto o informe dos Servizos Técnicos Municipais en relación coas mesmas.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Informar favorablemente a solicitude que se tramita a instancia de dona Mª Josefa López Sanín para instalación da actividade de *instalación de almacenamento e subministro de gasóleo a vehículos con depósito enterrado de 10.000 l.* no lugar de Paradela da parroquia de San Xián de Sales, e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais; así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas.

2º.- Suspender o transcurso do prazo máximo para resolver durante o período que medie entre a remisión do expediente ao órgano ambiental competente e a comunicación ó concello da emisión do preceptivo dictame de incidencia ambiental.

3º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para os efectos previstos no Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

#### 4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación num. 1 e final da obra *Afirmado e acondicionamento de pistas en Corbeixe, Merín, Trobe e Vedra*

Dáse conta da certificación num. 1 e final da obra *Afirmado e acondicionamento de pistas en Corbeixe, Merín, Trobe e Vedra (código 09.2100.0298.0)*, incluída no Plan de Obras e Servizos 2009, e máis da factura num. E00004/10 da empresa adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L polos traballos relacionados na mesma, por importe de corenta e oito mil (#48.000,00#) euros, sendo o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente.

4.2.- Certificación num 2 e final da obra *Acondicionamento de pistas en Castro, Francés, Sete e Afós*



Dáse conta da certificación num. 2 e final da obra *Acondicionamento de pistas en Castro, Francés, Sete e Afós (código 09.2100.0299.0)*, incluída no Plan de Obras e Servizos 2009, e máis da factura num. EO0005/10 da empresa adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L, polos traballos relacionados na mesma, por importe de catorce mil trescentos tres euros con dezasete céntimos (#14.303,17#), sendo o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente

#### **5º.- Aprobación, se procede, dos proxectos das obras incluídas no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010**

Previa solicitude por parte deste concello e logo de verificado que cumpría cos requisitos establecidos no Real decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que crea o Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010, adscrito ó Ministerio de Política Territorial, destinado a financiar a realización polos concellos de investimentos xeneradores de emprego e actuacións de carácter social, de competencia municipal, que contribúan a sostenibilidade económica, social e ambiental (BOE num. 259/09, do 27 de outubro), con data 25/01/2010 o Secretario de Estado de Cooperación Territorial dictou resolución de autorización para o financiamento dos investimentos solicitados , publicándose na mesma a citada autorización na dirección electrónica do citado Ministerio ([www.mpt.es](http://www.mpt.es))

De acordo co establecido na Resolución do 2 de novembro de 2009, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, polo que se aproba o modelo de presentación de solicitudes e as condicións para a tramitación dos recursos librados con cargo ó Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad local (BOE num. 265/09, do 3 de novembro), a Xunta de Goberno acorda:

##### **1º.- Aprobar os proxectos das seguintes obras:**

1.1.- PECHE DE PARCELA, ADICIÓN DE PORCHE E ACONDICIONAMENTO DE RAMPLA NO CEIP DE ORTIGUEIRA (Importe: 41.016,53 euros)

1.2.- AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN CASTRO-PONTE ULLA (Importe: 44.641,95 euros)


2º.- Proceder á súa contratación como contrato menor, de acordo co establecido na lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, coas especialidades establecidas no artigo 17 do Real decreto-lei 13/2008

##### **6º.- Dar conta de Resolúcións da Alcaldía**

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de decembro do ano pasado, pola que se recoñecen trienios os seguintes traballadores: José Ramón Chas Bao ( 01/12/2009-4º) e Silvia Couto Rendo (01/01/2010-1º).

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de decembro do ano pasado, pola que en atención ós acordos acadados entre os representantes dos traballadores e o concello, acórdase recoñecer servizos prestados ós seguintes traballadores: Jesús Fernández Pereira na Mancomunidade Val do Ulla dende o



18/01/1999 ata o 30/04/2001; Juan Horacio Gómez Souto no concello de vedra dende o 01/04/2006 ó 10/10/2007; dona Patricia Deber Muiños no concello de Vedra dende o 01/12/2005 ó 31/12/2007; don Antonio Gago Iglesias no concello de Vedra dende o 01/10/2005 ó 31/12/2007.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de decembro do ano pasado, pola que se acorda indemnizar ó persoal do servizo de recollida de lixo con 2 días festivos máis ó ano, en función dos acordos acadados nos que se declaran inhábiles os días 24 e 31 de decembro de cada ano, e indemnizar ó substituíto do conductor do servizo durante os períodos de baixa, permiso ou vacacións do titular, coa cantidade correspondente á diferenza dos complementos salariais

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de febreiro do ano que andamos, pola que se recoñecen trienios os seguintes traballadores: Rogelio Lareo Mougán ( 01/02/2010 -3º); Miriam Fernández Neira (01/02/2010-1º).

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de xaneiro do ano que andamos, pola que se acorda darlle traslado do expediente da Asociación Senunpeso producións á Secretaría do concello para a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de xaneiro do ano que andamos, pola que se acorda designar a don Javier Gracia Méndez, enxeñeiro de telecomunicacións, como coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra Reforma e ampliación do centro da terceira idade, adxudicada á empresa Promotora Matimán, S.L

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de xaneiro do ano que andamos, pola que dado que con data 31/01/2010 remataron os contratos do persoal contratado a travé dos programas de cooperación da Xunta e por motivo de traballo é necesario dispor de alomenos dúas persoas con carné C para manexo de Bull, ordénase a continuidade de dona Eva Torres Mariño como oficial de terceira especialista de protección civil, cun contrato de obra ou servizo dende o 01/02/2010 a xornada completa

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de febreiro do ano que andamos, pola que se aproba o plan de seguridade e saúde da obra de Reforma e ampliación do centro da terceira idade presentado pola empresa adxudicataria Promotora Matimán, S.L e informado favorablemente polo coordinador de seguridade e saúde da mesma durante a súa execución

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7º.- Outros asuntos



## 7.1.- Axudas de emerxencia social

### 7.1.1.- Escrito num. 157/10 de dona Carmen Cabo Rey

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Vilar - Vilanova, solicita unha axuda económica para o arranxo da cuberta da súa vivenda

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda económica, con cargo ó programa de emerxencia social, por importe de dous mil cento trinta euros con catro céntimos (#2.130,04#), a ingresarlle directamente ó contratista

### 7.1.2.- Escrito num. 156/10 de dona Natividad Alonso Acuña

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Cimadevila -San Miguel de Sarandón, solicita unha axuda económica para mantemento da vivenda e das súas necesidades básicas

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle unah axuda económica, con cargo ó programa de emerxencia social, por importe de trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (#399,38#) para mantemento da vivenda e de cincocentos oitenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#585,76#) para necesidades básicas

### 7.1.3.- Escrito num. 155/10 de don Anibal Gabarre Álvarez

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Riveira - San Pedro de Sarandón, solicita unha axuda económica para adquisición de electrodomésticos de primeira necesidade e necesidades primarias

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe favorable da traballadora social, acorda concederlle unha axuda económica, con cargo ó programa de emerxencia social, por importe de catrocenos sesenta e nove euros (#469,00#) para a lavadora e cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#532,51#) para necesidades básicas

## 7.2.- Escrito num. 145/10 de don José Madriñán Soto

Dáse conta do citado escrito no que don José Madriñán Soto, cura encargado da parroquia de Ponte Ulla, expón que Unión Fenosa ven cargándolle na conta da igrexa parroquial, a luz correspondente á Casa Reitoral de Ponte Ulla , e dado que a mesma é de titularidade municipal, solicita o cambio de domiciliación dos recibos e o aboamento dos recibos pagados dende o momento da cesión por parte do Arcebispado de Santiago ó concello.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cincuenta minutos

